

# Décima edición!!!

## Campus de Verán XuvenCiencia 2022

<https://xuvenciencia.org/campus/gl/>

### 16 proxectos

Controla o robot!

Fotosíntese artificial: na procura de novas fontes enerxéticas

Estratexias para o desenvolvemento dunha idea

Análises clínicas. Que me pasa, doutora?

Animal CSI

Árbores en tubos de ensaio

Aqualab. Sistema de monitorización ambiental con arduino

Impresión 3D: Converte unha idea en realidade

5W. Obradoiro de xornalismo científico



## Bule por unha das 95 prazas ofertadas

Regresa o Campus de Verán XuvenCiencia cunha edición presencial que terá lugar en Lugo do luns 4 de xullo ao venres 8 de xullo. Poderedes elixir entre 15 proxectos científicos (6 prazas cada un) e un obradoiro de xornalismo (5 prazas). Serán en total 95 prazas. Organizaranse actividades complementarias para todos e todas as xuvencientíficas.

Para estudantes de 4º de ESO, BAC e ciclos medios de FP.

As entradas e saídas do alumnado faranse o domingo 3 de xullo e o sábado 9 de xullo.

*Preinscrición desde  
o día 20 de maio!!!*

# Estancia en residencia, lecer e videocreación

- O Campus de Verán XuvenCiencia 2022 oferta estancia en residencias universitarias do Campus de Lugo en pensión completa, con monitorado ao cargo dos nosos e as nosas xuvencientíficas desde o primeiro minuto.
- O programa complétase con **xincanas**, **visitas guiadas pola cidade de Lugo**, concursos e obradoiros de tarde de **videocreación**, **danza contemporánea** e **teatro**, así como **monólogos científicos** coa achega de Ciencia Calidade.
- Contarase de novo con monitorado titulado da asociación Lumieira para as actividades dos seráns e as noitiñas.

## Obradoiros en empresas tecnolóxicas e centros de investigación

- Edificio bioclimático do proxecto Life Lugo + Biodinámico
- Hospital Universitario Lucus Augusti
- Hospital Veterinario Rof Codina
- Norvento
- Finsa
- Centro de Investigación Aeroportada de Rozas
- Larsa
- Xenética Fontao
- XuvenFeira:
  - Aula de Habilidades Clínicas Veterinarias
  - Demostracións de Robótica e Realidade Aumentada
  - Aula de Produtos Lácteos
  - Laboratorios do CACTUS

**Supera ese reto! Educando con ciencia**

**Cociña molecular: ciencia e gastronomía nunha soa disciplina**

**Facer ciencia coas letras**

**Cultura accesible a golpe de clic: divulgarte**

**Patóxenos animais: na procura dos malos**

**Ferramentas ADN: unha ceбра na auga e DNI xenético**

**Fai tremer os teus cimentos**